

A illa de La Palma.

A illa de La Palma/da Palma acada unha altitude de 2426 metros e unha profundidade próxima aos 4000 metros, desde onde se eleva o edificio volcánico que conforma a illa, sendo os seus 166 km de perímetro, na súa maioría, grandes cantís rocosos.

É unha das illas máis novas do arquipélago canario, e na súa costa, escarpada e abrupta, a plataforma submarina é escasa, o que permite acadar en moitas zonas profundidades de máis de 50 metros a pouca distancia da terra. Ademais, a propia orografía da illa e outros fenómenos oceanográficos e volcánicos recentes teñen orixinado a formación de numerosas covas, arcos e túneis volcánicos que aportan aos fondos da illa unha singular beleza.

Estas covas amosan un mundo descoñecido e fermoso. Entre os seus habitantes atópanse numerosas especies de invertebrados, como esponxas, camaróns, langostas, caranguexos araña e a anémona xigante do xénero *Telmatactis*.

Outras especies que fan uso das gretas para obter protección son as moreas, o bicopato e os alfonsiños, e outras moitas. Así mesmo, nestes fondos rocosos é posible atopar bancos de sabogas e roncadores, entroutras especies de peixes.

Sen embargo, ás veces, os fondos rocosos deixan paso a outros de natureza mixta, nos que se atopan organismos como as raias e as pastinacas, que se agochan nos fondos areosos para pasaren desapercibidas.

Os fondos rocosos máis estables constitúen a zona de asentamento de diversas comunidades de algas, esencialmente vermellas e pardas, unha das bases da cadea trófica mariña.

Os curiosos peixes trompeta atopan refuxio en zonas rocosas con arcos, paisaxes moi abondosos nestas augas. Nelas pódense atopar espectaculares concentracións destes peixes.

Conforme nos adentramos nas profundidades da illa, as comunidades de algas deixan paso a outras de animais filtradores, característicos destes fondos. Son as esponxas, os corais e as gorgonias, organismos de indubidable beleza que salpican de cor estes fondos de aspecto escuro e, aparentemente, inertes. Acompañando a estes invertebrados, son frecuentes especies tan importantes como o mero e o abade, que se desenvolven nestas augas en todo o seu esplendor.